

Reforma Laboral

un novo ataque contra
da clase traballadora

Xullo 2010



**ANÁLISE DO SEU CONTEXTO,
MEDIDAS E REPOSTA**

CONTEXTO

A crise como excusa

A vixente crise do sistema capitalista non foi provocada pola clase traballadora.

Ao contrario, foi o modelo neoliberal promovido polo capital, e baixo o que se teñen producido importantes retrocesos sociais, a razón do estalido da vixente crise, en forma de crise do sistema financeiro internacional.

O neoliberalismo, un modelo esgotado e fracasado desde os intereses da clase traballadora, demostrou a súa completa incapacidade para garantir unha convivencia social xusta e redistributiva.

É hoxe máis necesario ca nunca, avanzarmos na procura dun novο modelo económico e social ao servizo da maioría social e non do capital especulativo.

Nada se ten feito para controlar a banca e os movementos especulativos do capital.

Ao contrario, téñense colocado inxentes cantidades de diñeiro público unicamente para salvar a grande banca, a mesma que no 2009 –en plena crise– seguiu a rexistrar importantes beneficios.

A UE coas súas políticas, no marco da “Estratexia de Lisboa” e a que lle sobrevirá de aquí ao 2020, vai camiño de finiquitar o Estado de Benestar e o denominado “modelo social europeo”.

Hoxe as institucións europeas están ao servizo do grande capital.

O goberno central (PSOE), estase a demostrar lacaio da ditadura do capital, executando graves medidas contra da clase traballadora, en base a folla de ruta que segue a fixar o neoliberalismo.

O decreto 8/2010, de 20 de maio, supón a redución salarial das e dos traballadores da función pública, restrinxo o investimento público e reduce as prestacións de pensionistas e dependentes.

O decreto-lei 10/2010, de 16 de xuño, acomete unha nova reforma do mercado de traballo, que afonda na precarización das condicións laborais e no abaratamento do despedimento.

Ningunha destas medidas acelerará a saída da crise, senón que benefician a unha minoría poderosa a costa dos dereitos da maioría social que representamos as e os traballadores.

Estase a implantar un modelo social claramente favorábel á patronal, fondamente antidemocrático e que debemos contestar coas nosas alternativas.

ANÁLISE DAS MEDIDAS

Facilitan e abaratan o despedimento

Transfórmanse despedimentos que eran improcedentes en procedentes. O despedimento obxectivo procedente supón indemnización de 20 días por ano, con tope de 12 mensualidades

Amplíase a vía para que os despedimentos sexan obxectivos por “razóns” técnicas, económicas organizativas ou produtivas

Redúcese o preaviso de 30 a 15 días

O goberno subvencionará o
despedimento, xa que o Fogasa
pagará 8 días por ano das
indemnizacións, nos despedimentos
procedentes dos novos contratos

En consecuencia as empresas pagarán
por despedimento obxectivo, só 12
días

Esténdese o contrato de fomento á contratación indefinida, con 33 días de indemnización por despedimento e tope de 24 mensualidades

A partir de agora este será o contrato habitual fronte ao ordinario que ten indemnización por despedimento de 45 días por ano e tope de 42 mensualidades

Ademais, as empresas continuarán recibindo bonificacións, malia que xa ficou demostrado que non incentivan a creación de emprego estábel

Ataque á negociación colectiva



Permite que as empresas paguen menos que o pactado nos convenios.
Facilítase e axilízase o descolgue salarial do convenio

Impulsa que se poidan realizar modificacións substanciais nas condicións de traballo, sen necesidade de acordo

Inclúe como modificábeis o horario (antes xa estaba) e a distribución do tempo de traballo. A empresa pode cambiar unha xornada regular a outra irregular que axusta á súa conveniencia

Para axilizalo e evitar a xudicialización, plantean os procedementos de arbitraje previstos nos convenios, que poden ser vinculantes

Ademais, seguindo o modelo austríaco, créase un Fondo de Capitalización para as/os Traballadores (sen concretar e sen máis cotización social) para reducir as indemnizacións que paguen as empresas

Permítense Axencias Privadas de Colocación con ánimo de lucro

Se lles considerará entidades colaboradoras dos Servizos Públicos de Emprego

As persoas desempregadas estarán obrigadas a atender os requirimentos e ofertas de emprego que lles planteen estas entidades con ánimo de lucro

O desemprego convértese nun negocio para estas empresas



Máis ETTs

Amplíanse as actividades nas que poden actuar, incluídas as de maior risco para a saúde, reducíndose a limitación a unhas poucas e con requisitos mínimos

Suprímense todas as limitacións ou prohibicións existentes para el uso de ETTs, incluídas as pactadas en convenios e limitase a capacidade de negocialo, incluso en sectores perigosos como a construción, minería, fabricación de explosivos...

Facílitase a suspensión do contrato e a reducción de xornada nos **ERES**

Posibilítase a aplicación do procedemento de ERE de suspensión, con independencia do número de persoas afectadas

Poderase reducir a xornada (e o salario) entre un 10 e un 70% do tempo, seguindo o denominado “Modelo Alemán”.

Aumentan as bonificacións ás empresas (do 50 ao 80%), no caso de que haxa acordo por parte da representación das/os traballadores

Falsa limitación da temporalidade

Menciónanse limitacións ao encadeamento de contratos temporais, pero a fraude nestes contratos xa é actualmente xeneralizada e, previsibelmente, seguirá a selo.

O aumento da indemnización por fin de contrato de obra desde 8 até 12 días será gradual:

- 9 días a partir do 1 de xaneiro de 2012
- 1 día máis cada ano, chegando a 12 días no ano 2015

Máis precariedade para a mocidade



Nos contratos formativos, durante o primeiro ano, o salario será menor que o mínimo interprofesional (SMI)

No segundo ano pode ser o SMI

Pódese aplicar este contrato até cumprir 25 anos

Os contratos en prácticas pódense alargar até 5 anos despois de obter o título

En RESUMMO

Un grave retroceso dos dereitos laborais.

Un ataque á negociación colectiva e ás relacións laborais

Un recorte nos custes laborais e o favorecemento á substitución de emprego de calidade por máis emprego precario

Aproveita a crise para reforzar o poder empresarial e debilitar inda máis á parte máis feble: a clase traballadora

Satisfai as demandas do poder económico, financeiro e mediático, poñendo o Estado ao servizo do capital e renunciando ás políticas sociais

**Esta reforma laboral non creará
emprego, senón que favorece a súa
destrución abaratando o
despedimento, e pula por unha maior
precarización.**

A NOSA RESPOSTA

Esta reforma laboral demostra a inutilidade do denominado diálogo social, que desde posicións entreguistas practicou o sindicalismo estatal

Só a mobilización activa da clase traballadora poderá frear este gravísimo ataque contra dos nosos dereitos

É preciso un esforzo decidido para difundir nos centros de traballo as nosas análises e alternativas

Para mobilizar, antes debemos crear un estado de opinión. Debemos crear conciencia nas e nos nosos compañeiros

Hai que combater o discurso do pesimismo. A solución á crise non ten porque pasar por recortes sociais: Hai alternativa.

Fronte o desalento que promove o sistema a través dos medios de comunicación, temos que lanzar unha mensaxe de esperanza: Será duro, pero se loitamos venceremos.

Temos que combater o discurso do medo. Precisamente neste contexto de dificultades, a clase traballadora non nos podemos repregar. Está en xogo o noso presente e o noso futuro.

Só nós, as e os traballadores,
podemos defender os nosos dereitos.

A folga xeral é imprescindíbel.

Queremos parar o país, para pararlle os pés ao goberno central.

Da nosa inacción os únicos beneficiados son os que queren recortar os nosos dereitos.



**NON Á NOVA
REFORMA LABORAL**



29 de setembro

**FOLGA
XERAL**

Outro
modelo
económico
e social
é posíbel

FIN